

Diego Ameixeiras (Lauzanne, Suíza, 1976), xornalista de profesión, comezou a súa andadura literaria *-Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán do mes* (2006) —dándolle vida ficcional ao detective Horacio Dopico, un escudador de crimes e corruptelas, máis antiheroe que heroe. Descoñezo se a estas alturas Ameixeiras xubilou definitivamente a Dopico. Mais o que non ofrece dúbidas é que Ameixeiras, un dos poucos narradores masculinos destacados da súa xeración, recunha no xénero negro. Teima no territorio da intriga con este thriller político, *Asasinato no Consello Nacional*, unha clara homenaxe, ata no título, a Vázquez Montalbán. Alberte Cudeiro é o novo detective privado de que se serve o escritor nado na emigración suíza. A acción arrinca aos poucos días da derrota do bipartito en 2009. O caso que ao detective lle encarga a UPG, é o asasinato do parlamentario nacionalista Mario Da-

costa, elixido polo secretario xeral dos coroneis para ser o novo portavoz nacional. E aquí comeza unha intriga detectivesca ficticia, con pausas para esculcar un crime cometido durante a Guerra Civil e cun pano de fondo ben real e que lle engade un plus de morbo á narración: o retrato das liortas internas dos nacionalistas nos días previos á Asemblea Extraordinaria do ano 2009 para elixir o sucesor de Quintana. Endalí que a novela sexa á vez unha intriga política e un mergullo nos interiores do BNG. O lector seareiro do xénero negro non ficará defraudado, porque o escritor, malia as longas parénteses xa aludidas e o fei-

# Un thriller político

## Polos labirintos do nacionalismo

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

to de que o detective Cudeiro semella por veces que descoida a súa pescuda, vese arrastrado pola intriga e atopa na novela todos os ingredientes canónicos do xénero, sen que falte ese final sorpresa co que acostuman rematar as investigación detectivescas.

Pero, como veño dicindo, a novela é asemade un achegamento narrativo á

*Os seareiros do  
"xénero negro"  
non ficarán  
defraudados*

realidade política do país, neste caso ás interioridades do BNG, nunhas datas de crise para os nacionalistas. A

n a -  
ración reflicte, e coido que sen excesivos maniqueísmos e si cunha chica de humor e ironía, os interiores da coalición nacionalista e a imaxe dos seus personaxes máis sobranceiros que reflectiron os medios de comunicación logo da derrota do 1 de marzo do pasado ano. E sobre todo, o punto de vista das distintas correntes internas e a lexítima loita polo poder nunha organización que xa non funciona como unha fronte, senón como un partido convencional. Ameixeiras, quizais sen o desexable afastamento temporal, descobre literariamente e cunha prosa áxil e directa, unha organización política plural, na que conviven marxistas con socialdemócratas, chea de tensións, pero con fortes desexos de paz interna. Realismo narrativo, xa que logo.

AMEIXEIRAS, Diego, *Asasinato no Consello Nacional*, Xerais 2010, PVP19 €

